

PALABRA DE VIDA

Xullo 2026

**«O que foi sementado en terra boa é o que oe a Palabra e compréndeaa: este si que dá froito»
(Mt 13, 23).**

Despois de falar en parábolas a un gran xentío á beira do lago Tiberíades, Xesús diríxese aos seus discípulos e explícalles a eles o sentido profundo das súas palabras.

O protagonista do noso relato é a Palabra de Deus, comparada cunha semente pe-queña e fráxil. A pedras, as silvas e as aves poden impedirilles xerminar, botar raíces e producir espigas maduras, pero o sabio sementador coñece a súa sorprendente vitalidade.

A través destas imaxes, Xesús revela a relación entre o home e a Palabra que Deus ofrece abundantemente, pero hai quen a acolle e quen, por diversos motivos, déixaa caer sen que dea froito. Efectivamente, no corazón humano, a superficialidade e as excesivas preocupacións materiais ameazan o milagre da vida sobrenatural que Deus mesmo desexa acender nas súas criaturas.

Tamén a nós, como aos discípulos, Xesús invítanos a entrar no humilde miste-rio do amor de Deus, e ao mesmo tempo interpélanos persoalmente sobre unha decisión: que *terreo* queremos ser?

«O que foi sementado en terra boa é o que oe a Palabra e compréndeaa: este si que dá froito».

Escoitar e comprender: este parece ser o segredo que nos converte nun terreo acolledor, onde a semente da Palabra pode expresar a súa forza e dar bos froitos.

Que valioso é estar dispoñibles á escoita! É o espazo espiritual para deixar entrar a vida de Deus, que sempre nos precede coa súa misericordia, coa paciencia do traballador que coñece e respecta os tempos de maduración.

As palabras de Deus, como escribe Chiara Lubich, «iluminan interiormente non só a mente, senón todo o ser, porque son luz, amor e vida. Dan paz –a que Xesús chama súa: “a miña paz”– mesmo nos momentos de turbación e de angustia. Dan alegría plena aínda no medio da dor que ás veces atenaza a alma. Dan forza, sobre todo cando sobreveñen o abatemento ou o desánimo. Fannos libres porque abren o camiño da Verdade. [...] Tamén en nós debe nacer un amor apaixonado pola Palabra de Deus: acollámola atentamente cando se nos proclame nas igrexas, leámola, estudémola, meditémola... Pero sobre todo estamos chamados a vivila. [...] Ao vivir unha Palabra de Xesús vivimos todo o Evanxeo, porque en cada Palabra súa El entrégase por completo, vén El mesmo a vivir en nós [...] e substitúe o noso modo de pensar, de querer e de obrar en todas as circunstancias da vida»¹.

«O que foi sementado en terra boa é o que oe a Palabra e compréndeaa: este si que dá froito».

¹ C. Lubich, Palabra de vida de marzo de 2003: *Ciudad Nueva* n. 396 (2003/3), pp. 24-25.

Wambil de México cóntanos: «Houbo un tempo en que me sentía atrapado nun profundo buraco. Estaba inmerso nunha relación violenta, trataba de fuxir e arranxalo todo coas miñas forzas. Influido polas redes sociais e o ruído exterior, a miúdo perseguía cousas que non estaban no plan de Deus. A pesar de todos os meus esforzos, seguía sentíndome baleiro e sen unha meta. Sabía que o amor é unha linguaxe universal, así que me puxen a facer voluntariado, e atopei un modo de actuar que só podía vir de Dios. Co tempo descubrín un lugar onde escoitar a súa Palabra e crecer na relación con El. Estou profundamente agradecido».

Mesmo cando nos sentimos terra árida e pedregosa, a mesma Palabra é eficaz, como revela o profeta Isaías: «Como baixan a choiva e a neve desde o ceo, e non volven alá senón despois de empapar a terra, de fecundala e facela xerminar, [...] así será a palabra que sae da miña boca: non volverá a min baleira, senón que se cumprirá o meu desexo e levará a cabo o meu encargo» (Is 55, 10-11).

Sostidos por esta esperanza, nun tempo dominado por medos e tensións, cultivemos tamén a confianza nas mulleres e nos homes con quen comparto a vida. Confiemos na súa capacidade de dar bos froitos e de crear ocasións de escoita e diálogo, para camiñar xuntos cara ao horizonte da fraternidade.

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida